# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.P.I. PLURILINGÜE JOSÉ GARCÍA
CURSO: 4º ESO
MATERIA: MÚSICA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: 15 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **Bloque 1. Interpretación e creación** | |
| 4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais. | 4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas produccións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/las profesionais que interveñen. |
| **Bloque 2. Escoita** | |
| 2. Expór de maneira crítica a opinión personal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc. | 2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario idóneo para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. |
| 3. Utilizar a terminoloxía idónea no análisis de obras e situacións musicais. | 3.1. Utiliza con rigor un vocabulario adecuado para describir a música. |
| **Bloque 3. Contextos musicais e culturais** | |
| 1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, e na grabación e na transcripción de pezas. | 1.1. Mostra interés por coñecer o patrimonio musical español e galego.<br>1.2. Coñece os testigos máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. |
| **Bloque 4. Música e tecnoloxías** | |
| 5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilizalas con autonomía. | 5.1. Mostra interés por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br><br>Ata o momento da declaración do estado de alarma, seguiuse a programación que se estableceu a comezos do ano escolar no departamento.<br><br>Para avaliar e cuantificar aos alumnos de 4º da ESO, no terceiro trimestre teremos en conta:<br><br>• A actitude, interese e traballo amosados ante a materia a través da súa participación na Aula Virtual ou calquera outro dos sistemas utilizados: mail, na páxina web do centro.<br><br>• A entrega das tarefas de repaso e ampliación do primeiro e segundo trimestre.<br><br>• Avaliación positiva: dado o carácter globalizador, diagnóstico, formativo e continuo deste trimestre e en cumprimento do punto 7 das Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, avaliarase positivamente con 1 punto máis a engadir sobre a cualificación do segundo trimestre, se o desempeño das tarefas de seguimento presentadas na avaliación obxectiva do terceiro trimestre é medio-alto e con 2 puntos máis, se o desempeño desas mesmas tarefas é excelente.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br><br>• Realización de actividades musicais, traballos de investigación e ampliación de coñecementos máis audicións.<br><br>• seguimento é de xeito telemático para a proposta de exercicios colectivos e individual para a corrección e aclaración de dúbidas. Para iso contamos coa Aula Virtual e o correo propio de cada un dos alumnos. O contacto é permanente entre profesorado/alumnado.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Dadas as características especiais deste curso, os contidos traballados no primeiro e segundo trimestres serán revisados no terceiro, o que servirá como recuperación, reforzo ou repaso.<br><br>No momento que nos encontramos de situación excepcional no</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | terceiro e último trimestre do curso escolar 2019-2020 e dada que a avaliación é continua e progresiva, primará a cualificación obtida no segundo trimestre á que se lle engadirá 1 punto máis, se o desempeño das tarefas de seguimento presentadas na avaliación obxectiva do terceiro trimestre é medio-alto ou 2 puntos máis, se o desempeño desas mesmas tarefas é excelente. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Entregar un traballo que recolla as aprendizaxes mínimas do primeiro e segundo trimestre, tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para o alumnado. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | • Serán actividades de repaso, reforzo e recuperación, sen avanzar materia. As actividades feitas polo/a alumno/a serán enviadas á Aula Virtual e como ata agora, se hai calquera problema, por correo electrónico e supervisadas e corrixidas pola profesora da materia.<br><br>• Todo o traballo proposto é público na da Aula Virtual e na páxina web do Centro. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado de 4º ESO B en música está matriculado na Aula Virtual e dispón de medios para conectarse. Chamouse á casa para porse en contacto cos pais en aquel caso no que se viu que había dificultades para porse ao día. Os alumnos de aula específica están supervisados pola PT da aula.<br><br>a) Aula virtual: proposta de traballos, vídeos, titoriais, explicacións, consultas, correccións, dúbidas.<br><br>b) Correo electrónico da familia ou Correo Electrónico do alumno/a. os traballos a realizar, as consultas, as correccións, dúbidas, etc, co alumnado. |
| **Materiais e recursos** | Entre os recursos empregados figuran:<br><br>• libro dixital Música 4 da Editorial Casals<br>• libro de texto para as audicións e<br>• Vídeos You Tube das actividades.<br><br>Nos casos de actividades de ampliación (nos que os contidos mínimos estén superados), propostas de programas de edición e escritura musical para coñecer outras posibilidades musicais e que son de descarga gratuíta. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | • Aula virtual.<br>• Correo Electrónico do profesor/Correo Electrónico do alumno/a.<br>• Titor/a do alumno/a.<br>• A comunicación cos pais faise por correo electrónico ou vía telefónica .<br>• Tamén vía mensaxes dentro da Aula Virtual. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do centro na pestana de Música e colgarase tamén na aula virtual. |